

**PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO
DE FILOSOFÍA**

**CURSO
2022 – 2023**

ÍNDICE

<u>1</u>	<u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</u>	<u>4</u>
1.1	Centro : IES CHAN DO MONTE.....	4
1.2	Alumnado.....	4
1.3	Departamento.....	5
<u>2</u>	<u>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</u>	<u>6</u>
<u>3</u>	<u>OBXECTIVOS POR CURSO.....</u>	<u>7</u>
3.1	Obxectivos Xerais da ESO.....	7
3.2	Obxectivos para 1º ESO.....	9
3.3	Obxectivos para 2º ESO.....	9
3.4	Obxectivos para 3º ESO.....	9
3.5	Obxectivos para 4º ESO.....	10
3.6	Obxectivos Xerais do Bacharelato.....	10
3.7	Obxectivos para 1º BACHARELATO.....	11
3.8	Obxectivos para 2º BACHARELATO.....	12
<u>4</u>	<u>TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.....</u>	<u>13</u>
4.1	Relación de Aspectos Curriculares Para Cada Unidade Didáctica Para XX ESO.....	13
4.2	Relación de Aspectos Curriculares Para Cada Unidade Didáctica Para xx BAC.....	18
<u>5</u>	<u>METODOLOXÍA.....</u>	<u>22</u>
5.1	Aspectos Xerais.....	22
5.2	Estratexias Metodolóxicas.....	22
<u>6</u>	<u>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....</u>	<u>22</u>
<u>7</u>	<u>CRITERIOS SOBRA A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</u>	<u>23</u>
7.1	Avaliación Continua.....	23
7.2	Avaliación Final.....	23
7.3	Avaliación Extraordinaria.....	23
<u>8</u>	<u>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....</u>	<u>24</u>
<u>9</u>	<u>ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E SEGUIMIENTO, RECUERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</u>	<u>27</u>
<u>10</u>	<u>ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO.....</u>	<u>27</u>
<u>11</u>	<u>DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....</u>	<u>27</u>
<u>12</u>	<u>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</u>	<u>28</u>
<u>13</u>	<u>ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</u>	<u>28</u>

<u>14ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</u>	<u>28</u>
<u>15MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....</u>	<u>28</u>
<u>16PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN.....</u>	<u>30</u>

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 Centro : IES CHAN DO MONTE

Situación

Chan do Monte, 23, MOGOR

Ensinanzas que oferta o centro

ESO

Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades.

ESA

FP BÁSICA I e II

Ciclos Formativos das familias de

- Administración e Xestión
- Comercio e Marketing
- Informática e Comunicaci3ns
- Instalaci3ns e Mantemento

1.2 Alumnado

A maior parte do alumnado procede do medio rural, dun grupo de parroquias pertencentes ao concello de Marín e situadas na costa.

O nivel socioecon3mico dos nosos alumnos sitúase nun tramo medio.

A actividade cultural da zona centralízase sobre todo en Marín, vila máis importante e centro urbano ao que están máis vinculados os alumnos.

1.3 Departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
VALORES ÉTICOS	2º ESO	A	JUAN CARLOS SIMÓN CASAL
VALORES CÍVICOS Y ÉTICOS	3º ESO	A	JUAN CARLOS SIMÓN CASAL
VALORES ÉTICOS	4º ESO	A	JUAN CARLOS SIMÓN CASAL
FILOSOFÍA	4º ESO	A	JUAN CARLOS SIMÓN CASAL
FILOSOFÍA I	1º BACHARELATO	A , B	JUAN CARLOS SIMÓN CASAL
HISTORIA DA FILOSOFÍA	2º BACHARELATO	A	JUAN CARLOS SIMÓN CASAL

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

As **competencias clave** representan un grupo de coñecementos, habilidades e actitudes, valores éticos e emocións, transferibles e multifuncionais. Son competencias que toda persoa necesita para o seu desenvolvemento persoal.

- Competencia en comunicación lingüística. (CL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia para aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (SIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CEC)

Contribución da materia para a adquisición das competencias clave:

A área de **Valores Éticos** contribúe a desenvolver as competencias relativas ao **pensamento crítico** e a **resolución de problemas** desde o momento en que incide na necesidade de analizar, expor, argumentar e dar solucións fundamentadas aos problemas éticos, sendo precisamente este o eixo sobre o que vira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético.

A competencia **social e cívica**, a de conciencia e expresión cultural, así como o traballo colaborativo, incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e tómase conciencia da importancia dos seus valores culturais. Ademais, a solución de conflitos interpersoais de forma non violenta promove no alumnado o interese por desenvolver actitudes de tolerancia, solidariedade, compromiso e respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

A competencia de **aprender a aprender** promóvese mediante o exercicio dos procesos cognitivos que se realizan no desenvolvemento do currículo básico, tales como analizar, sintetizar, relacionar, comparar, aplicar, avaliar, argumentar, etc., e favorecendo nos alumnos e alumnas o gusto e a satisfacción que produce o descubrimento da verdade.

Por último, a presentación de dilemas éticos e filosóficos e o debate das súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento da competencia en **comunicación lingüística**, porque esixe exercitarse na escoita, a exposición de ideas e a comunicación de sentimentos, utilizando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.

No currículo básico de **Valores Éticos** poden distinguirse **dous partes** claramente diferenciadas:

1. A primeira iníciase co estudo da **dignidade da persoa**, como fundamento dos valores éticos e a capacidade que esta posúe para elixir as súas accións e modelar a súa propia personalidade, asumindo a responsabilidade de ser libre. Seguidamente, expóñense as **relacións interpersoais** co fin de entendelas a partir do respecto e a igualdade, resaltando a natureza social do ser humano, a necesidade de desenvolver a capacidade de relación coa comunidade, a importancia das influencias sociais no individuo e os límites que supoñen para a práctica da súa liberdade, tomando como criterio normativo desta relación o respecto á dignidade e os dereitos humanos. Continúase realizando a **reflexión ética** acerca dos valores e a súa relación coa autorrealización humana, o seu desenvolvemento moral e a análise dalgúñas teorías éticas realizadas por pensadores especialmente significativos.
2. A segunda parte conduce á **aplicación dos valores éticos** nalgúns ámbitos da acción humana. Propón a análise da actividade **política** no mundo actual, o papel da democracia, a súa vinculación co estado de dereito e a división de poderes, facendo posible unha sociedade que garanta o exercicio dos **dereitos humanos**. Continúa coa reflexión sobre os valores éticos que sinala a Constitución Española e as relacións que esta establece entre o Estado e o cidadán, así como, co feito histórico da súa integración na Unión Europea. Insístese no papel da Declaración Universal dos Dereitos Humanos como criterio internacional para unha xustificación ética do Dereito.

Finalmente, valórase a necesidade dunha reflexión seria acerca da función que debe desempeñar a Ética no relativo á **investigación científica e tecnolóxica**, co fin de asegurar que os avances nestes ámbitos e a súa aplicación non violen o respecto á dignidade e os dereitos humanos, nin á protección e conservación do medio ambiente.

A materia **Filosofía en 4º de ESO** ten como **meta** que o alumnado sexa capaz de pensar e comprender, abstraéndose racionalmente do campo concreto estudado en cada unha das outras materias, para centrarse naquilo que caracteriza especificamente á Filosofía, isto é, reflexionar, razoar, criticar e argumentar, utilizando o modo de preguntar radical e último que lle é propio, sobre os problemas referidos á totalidade da vivencia humana, e iso sen deixar de lado a súa capacidade de transformación e cambio tanto do individuo como da sociedade.

A Filosofía é un modo especial de preguntar e de saber, unha maneira de entender e de enfrontarse á realidade que nos rodea, ás circunstancias nas que vivimos e que, en gran medida, fannos ser e comprender como somos. Por iso, a materia Filosofía persegue como **obxectivo principal** a comprensión por parte do alumnado de si mesmo e do seu mundo, dotándolle para iso de ferramentas cognitivas tanto teóricas como prácticas.

No plano teórico o alumnado coñecerá os grandes interrogantes, os conceptos especializados e as teorías que tentan dar resposta ás grandes cuestións. Na súa dimensión práctica, a materia dota de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que ensina aos alumnos e alumnas a non admitir ideas que non foron rigorosamente analizadas e evidenciadas, o saber pensar, razoar e argumentar con fundamento, coherencia e de forma autónoma, a habilidade discursiva para dialogar e convencer evitando o pensamento único e dogmático, a capacidade para discernir entre o evidente e o arbitrario, o substancial e o accidental, a xestión creativa das súas capacidades estéticas ou o razoamento moral e político autónomo, coherente e cimentado e, en definitiva, a valorar a capacidade da Filosofía como instrumento de innovación e transformación desde hai máis de 2.500 anos; todo iso resúmese na súa vocación orixinaria, o amor ao saber e

iso filosofando, idea clave que se debe transmitir ao alumnado desde esta materia e que constitúe o punto de partida.

Tendo en conta o anterior e polo seu carácter transversal, teórico e práctico, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a materia Filosofía posibilita traballar e lograr a maioría das expectativas sinaladas nas competencias craves para a aprendizaxe permanente, propostas no marco educativo europeo, sirvan de exemplo a continuación algunhas **competencias** desenvolvidas pola materia, en todos os seus niveis, etapas, e mediante a estruturación dos contidos en bloques.

A través da filosofía da linguaxe, a lóxica, a retórica e a argumentación, edúcase a expresión e interpretación do pensamento e dos sentimentos, utilizando a linguaxe para regular a propia conduta e as relacións sociais, empregando o razoamento lóxico e os procesos propios de pensamento (análise, síntese, relación, asociación, etc.) para propiciar a resolución de problemas e o coñecemento de diferentes linguaxes comunicativos, desenvolvendo así a capacidade crítica que discirne o nuclear do accesorio.

Así mesmo, a metafísica, a teoría do coñecemento e a filosofía da ciencia e da natureza, permiten profundar no coñecemento de si mesmo e na comprensión da contorna, posibilitando a competencia para interpretar sucesos, analizando as súas causas, predicindo consecuencias e analizando criticamente os factores capaces de transformar a realidade.

No ámbito práctico, o estudo da ética e a filosofía política desenvolve a comprensión da realidade individual, cultural e social da man da capacidade normativa e transformadora da filosofía, permitindo realizar razoamentos críticos e dialogantes e fomentando o respecto polos valores universais e a participación activa na vida democrática. Desde os estudos de estética alcánzanse competencias culturais, como o respecto á liberdade de expresión e á diversidade cultural.

Finalmente, a materia debe motivar ao alumnado para aprender a aprender, competencia que está na base do amor ao saber, por saber, finalidade que encarna a Filosofía como en ningunha outra materia e que constitúe o punto de apoio para experimentar e xerar iniciativas persoais, enfrontándose á vida e, en definitiva, crecendo como persoas.

A materia de **Historia da Filosofía en 2º de Bacharelato** retoma a reflexión iniciada polo alumnado coa Filosofía de 1º, dotándoa dun carácter sistemático e diacrónico.

A estreita relación entre estas materias do bacharelato debe manifestarse, tanto na organización docente dos contidos como na actividade reflexiva desenvolvida por cada estudante, que deberá retomar os conceptos e procedementos iniciados no curso anterior e afondar neles.

O que a Historia da Filosofía lle achega ao alumnado é unha construción diacrónica dos principais momentos e autores do pensamento filosófico que servirá, por unha banda, como exemplo de solución a problemas filosóficos e, pola outra, como condicionantes pasados de conceptos e problemas vixentes no día de hoxe.

Hai certos problemas constantes ao longo da historia da filosofía, como a relación entre realidade e aparencia, coñecemento e opinión, o individuo e a sociedade, o problema da liberdade e autorrealización humana, a orixe dos valores morais, a lexitimidade do poder político ou o dominio técnico da natureza.

A reflexión filosófica segue abordando eses problemas na actualidade baixo formulacións como o papel dos medios de comunicación na sociedade, o estatuto da realidade virtual, a relación entre mente e cerebro, entre ciencia e interese, a confrontación entre felicidade e xustiza,

positivismo e iusnaturalismo, multiculturalismo e interculturalismo, liberalismo e comunitarismo, a desigualdade de xénero, a nova organización do traballo, a bioética, etc.

A Historia da Filosofía formúlase como un retorno da presentación actual deses problemas, xa anticipados en Filosofía de 1º Bach. , ás formulacións máis relevantes que adquiriron no pasado e que lles serven de punto de partida. Esta materia faille patente ao alumnado, polo tanto, o carácter aberto e progresivo da investigación filosófica.

Indicadores e descritores competenciais

O obxectivo principal da programación ha de ser conseguir que o alumnado adquira as **competencias clave**. Para iso, en cada unha das **unidades** didácticas nas que están distribuídos os contidos da área de Valores Éticos e Filosofía, concretamos os **criterios de avaliación** (formulados en infinitivo) e os **estándares de aprendizaxe** (en termos de desempeño competencial, formulados en 3ª persoa do singular), que son aqueles aspectos da competencia que podemos avaliar de forma explícita e obxectiva.

Análise das competencias clave (indicadores e descritores competenciais):

Competencia en comunicación lingüística (CL)

Para desenvolver esta competencia é fundamental o fomento da lectura, así como a análise e comentario dos fragmentos e textos sobre valores éticos e textos filosóficos incluídos en cada unha das unidades didácticas do curso.

Outro dos obxectivos asociados a esta competencia son, por unha banda, mellorar a comunicación e, por outro, a transmisión de valores mediante a exposición e resolución de dilemas morais e problemas filosóficos. Estes requiren o exercicio de habilidades sociais e comunicativas, como a expresión de ideas e sentimentos, escoita activa e a empatía.

Indicadores

- Comprensión e expresión oral e escrita.
- Normas básicas de comunicación.
- A importancia da lectura.

Descritores

- Ser respectuoso coas normas básicas de comunicación.
- Comprender o sentido de textos orais e escritos.
- Expresarse con corrección, utilizando un vocabulario adecuado.
- Elaborar textos escritos de diversa natureza e complexidade.
- Manter unha actitude positiva cara á lectura.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Esta competencia ofrécenos a posibilidade de realizar argumentacións, expor e realizar xuízos morais, así como aplicar estratexias para a resolución de problemas filosóficos e dilemas morais.

Indicadores

- Coidado do medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

- Ciencia e tecnoloxía na actualidade.
- O método científico e a súa aplicación na vida cotiá.
- A importancia dunha vida saudable.

Descritores

- Alcanzar os coñecementos necesarios sobre ciencia e tecnoloxía para entender o que sucede ao noso redor.
- Desenvolver criterios que fomenten un coidado saudable do noso corpo, fronte aos estereotipos de beleza dominantes.
- Usar de forma responsable os recursos naturais.
- Promover accións que favorezan un desenvolvemento sustentable.
- Concienciarse dos efectos da acción humana na natureza e as súas repercusións na nosa vida e na das novas xeracións.
- Aplicar a reflexión, o razoamento e as estratexias de resolución de problemas características do método científico para abordar os problemas éticos relacionados coa vida cotiá e co ámbito científico-tecnolóxico.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital está ligada ao uso de dispositivos informáticos que permitan ao alumnado entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos e facilitar o acceso ao coñecemento de feitos sociais e documentos históricos que mostren a contribución da reflexión filosófica e dos valores éticos á sociedade.

Indicadores

- Uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- A información na rede.
- Utilización de aplicacións e ferramentas 2.0.

Descritores

- Usar as novas tecnoloxías de forma responsable.
- Elaborar contidos derivados da información obtida utilizando os medios informáticos.
- Usar aplicacións informáticas e ferramentas 2.0 para a construción do coñecemento.
- Utilizar fontes diversas para a procura de información e desenvolver criterios para seleccionar o uso das mesmas.

Competencia para aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender implica recoñecer as necesidades educativas e exercitar procesos cognitivos tales como a análise, a argumentación, a comparación, etc., que caracterizan calquera proceso de aprendizaxe.

Indicadores

- Actitudes favorables ao estudo e o traballo en grupo.
- Recursos para desenvolver o pensamento crítico.

- Organización, planificación e avaliación da aprendizaxe.

Descritores

- Organizar os recursos e materiais necesarios para desenvolver con éxito o proceso de aprendizaxe.
- Mostrar unha actitude favorable cara ao estudo e o descubrimento da verdade.
- Mellorar o pensamento crítico, a intelixencia emocional e, sobre todo, a empatía e a cooperación.
- Utilizar técnicas para reforzar a comprensión dos contidos tratados en cada unha das unidades.
- Identificar os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, etc.
- Avaliar e ser consciente dos logros alcanzados como resultado da aprendizaxe.
- Utilizar estratexias de aprendizaxe adecuadas para utilizar en distintos contextos, tanto na aula como fóra dela.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

As competencias sociais e cívicas son, sen dúbida, as que están relacionadas dunha forma máis directa coa área de Valores Éticos e a Filosofía. As habilidades sociais e as actitudes cívicas potencianse cando se reconece a importancia que teñen os valores éticos na sociedade na que vivimos. Así mesmo, axuda a fortalecer a identidade persoal, facilitando a resolución de conflitos interpersoais, á vez que desenvolve valores tan importantes como son a tolerancia, a solidariedade e o respecto á diversidade cultural, relixiosa, etc.

Indicadores

- Coñecemento dos dereitos e deberes.
- Habilidades para a interacción social.
- Desenvolvemento de actitudes solidarias e tolerantes.

Descritores

- Coñecer os valores superiores que fundamentan e inspiran a Constitución Española.
- Mostrar actitudes solidarias cos grupos sociais máis desfavorecidos e implicarse naquelas accións cuxo fin sexa mellorar as condicións de vida dos demais.
- Desenvolver unha escala persoal de principios e valores morais e actuar de acordo con eles.
- Valorar o diálogo como instrumento idóneo para mellorar a convivencia e resolver conflitos.
- Entender as implicacións que leva vivir nun Estado social e democrático de dereito.
- Valorar a diversidade de opinións, de ideas e de crenzas como elemento de enriquecemento persoal e social.
- Desenvolver unha actitude favorable á participación activa nos asuntos de interese común.
- Recoñecer e aplicar os dereitos e deberes no contexto da aula.

- Mellorar o comportamento a partir do coñecemento dos valores morais.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

A autonomía, a iniciativa persoal, o espírito emprendedor e a creatividade son aspectos da personalidade que benefician notablemente á sociedade. Para adestrar e desenvolver estas habilidades é recomendable ofrecer ao alumnado unha serie de actividades e supostos prácticos relacionados coa vida cotiá que lle permitan expor as súas propias ideas e ofrecer solucións orixinais e creativas.

Indicadores

- Desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.
- A importancia da toma de decisións.
- Xestión e coordinación de recursos materiais e humanos.

Descritores

- Recoñecer e potenciar as calidades persoais.
- Asumir a responsabilidade que leva a toma de decisións.
- Desenvolver a superación como actitude básica fronte ás dificultades.
- Demostrar habilidades de xestión e cooperación para o traballo en grupo.
- Potenciar a iniciativa persoal para propor ou promover novas accións e tarefas.
- Xestionar adecuadamente os recursos materiais e persoais.

Conciencia e expresións culturais (CEC)

A área de Valores Éticos e Filosofía permite o desenvolvemento de pautas persoais, sociais e interculturais que fomentan a participación activa en calquera sociedade democrática, respectando os dereitos e os valores éticos socialmente recoñecidos.

Indicadores

- Respecto polas creacións culturais.
- Expresión cultural e artística.
- A importancia da estética na nosa sociedade.

Descritores

- Valorar a beleza das obras de arte, así como de calquera outra manifestación de creatividade.
- Apreciar a interculturalidade como unha oportunidade para o enriquecemento persoal e social.
- Compoñer traballos individuais e en grupo seguindo criterios estéticos.
- Ser capaz de expresar e interpretar sentimentos e emocións a partir das creacións artísticas propias ou alleas.
- Desenvolver e fomentar o gusto pola estética.

3. OBXECTIVOS POR CURSO

Obxectivos específicos da área de Valores Éticos:

1. Valorar a dignidade humana e entender a especificidade do humano.
2. Identificar as características ou trazos psicolóxicos propios da personalidade.
3. Comprender a importancia do desenvolvemento da autonomía na construción da identidade persoal durante a adolescencia.
4. Comprender a relación entre liberdade persoal e responsabilidade.
5. Distinguir entre autonomía e heteronomía moral.
6. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a importancia das habilidades sociais e emocionais na vida do adolescente.
7. Desenvolver actitudes e habilidades para potenciar a autoestima.
8. Coñecer as diferenzas entre os conceptos de ética e moral.
9. Identificar a liberdade e a sociabilidade como bases da moralidade.
10. Valorar a función que desempeñan os valores morais, como orientadores do comportamento humano, na vida persoal e social.
11. Entender o concepto de norma moral e valorar a súa influencia no comportamento humano.
12. Entender a relación existente entre ética, política e xustiza.
13. Coñecer algunhas das teorías éticas máis importantes ao longo da historia: eudemonismo aristotélico, hedonismo de Epicuro, a ética utilitarista e a ética formal kantiana.
14. Descubrir como se creou a ONU e as circunstancias históricas que motivaron a redacción da Declaración Universal de Dereitos Humanos.
15. Identificar os valores e os principios éticos que sustentan a Declaración Universal de Dereitos Humanos.
16. Coñecer o contido da Declaración Universal de Dereitos Humanos.
17. Identificar as situacións que supoñen unha violación dos dereitos da muller e da infancia.
18. Analizar a problemática á que se enfronta, hoxe día, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos.
19. Descubrir os valores nos que se fundamenta a Constitución Española, e os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.
20. Familiarizarse co contido da Constitución Española.
21. Valorar a importancia da participación cidadá na vida política e coñecer algunhas das formas máis comúns de exercer esa participación.
22. Pescudar que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos principais.
23. Reflexionar sobre os avances tecnolóxicos e científicos para considerar a posibilidade de fixar uns límites éticos e xurídicos, sobre a base do respecto á dignidade humana e os dereitos recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.

24. Coñecer as causas e os síntomas da tecnodependencia.
25. Entender o concepto de conciencia ecolóxica e valorar a necesidade de apostar por un desenvolvemento sustentable.

Obxectivos para Filosofía de 4º ESO

O carácter integrador e totalizador do coñecemento filosófico obriga a que se insista na necesidade de que a filosofía integre diferentes niveis de coñecemento, así como os intereses dos distintos alumnos e alumnas, e que teña como horizonte un necesario carácter interdisciplinar. Valorarase a necesidade do exercicio crítico da racionalidade, aplicado a diversas situacións da vida cotiá, o que permite o exercicio da racionalidade filosófica para a construción dunha cidadanía responsable, que é un dos obxectivos da materia.

Os alumnos e as alumnas deberán adquirir as seguintes capacidades:

1. Comprender os problemas filosóficos e reflexionar sobre eles empregando con propiedade e rigor os conceptos, analizando as súas relacións e integrando as posibles respostas.
2. Propiciar unha actitude reflexiva e crítica e adquirir o hábito de non aceptar ningunha idea, feito ou valor se non é a partir dunha análise rigorosa.
3. Argumentar de modo coherente o propio pensamento e desenvolver un estilo persoal de pensar e unha capacidade de expresión clara e coherente de forma oral e por escrito.
4. Practicar e valorar o diálogo filosófico como un modo de enriquecer, clarificar ou poñer a proba os puntos de vista propios e como proceso de encontro racional e busca colectiva da verdade.
5. Analizar breves textos filosóficos e literarios, aforismos e outros materiais visuais identificando os problemas que presentan e valorando criticamente os supostos dos que parten e as solucións que propoñen.
6. Utilizar procedementos básicos para o traballo intelectual: busca e selección de información, e contraste, análise, síntese e avaliación crítica da dita información, promovendo o rigor intelectual e integrando a diversidade de coñecementos, crenzas e valores nunha reflexión filosófica de conxunto.
7. Adoptar unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por razón de sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.
8. Coñecer e valorar a capacidade da razón como reguladora e transformadora da acción humana desde os puntos de vista ético, técnico, social e artístico, contribuíndo así a construír unha sociedade máis xusta, democrática e solidaria.
9. Apreciar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no respecto aos dereitos humanos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza.
10. Consolidar a competencia social e cidadá fundamentando teoricamente o seu sentido, o seu valor e a súa necesidade para exercer unha cidadanía democrática.
11. Desenvolver unha conciencia cívica, crítica e autónoma, inspirada en criterios universais de xustiza e respectuosa coa diversidade dos pobos e culturas.

12. Advertir as vantaxes e inconvenientes do actual proceso de globalización, así como do uso das técnicas de comunicación e información, e capacitarse para unha comprensión obxectiva da época actual.

Obxectivos para Historia da Filosofía de 2º BACHARELATO

O ensino da historia da filosofía no bacharelato ten como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades no alumnado:

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.
11. Busca de información a partir de fontes diversas e integración desta seguindo criterios temáticos ou metodolóxicos.
12. Análise e comentario de textos filosóficos, identificando as súas ideas e relacionándoas coa teoría da persoa autora.
13. Exposicións orais e composicións escritas acerca do pensamento de distintas autorías, utilizando con propiedade o vocabulario técnico adquirido e incorporando as propias reflexións de xeito fundamentado.
14. Participación en debates, expoñendo razoadamente o pensamento propio.

4. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Acrónimos

Instrumentos de avaliación

OB	Observación
PO	Proba oral
PE	Proba escrita
RU	Rúbrica
CC	Caderno de clase

Temas transversais

EM	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención violencia
CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías Información e Comunicaci3ns

Competencias clave

CCL	Comunicaci3n lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresi3ns culturais

4.1 Relaci3n de Aspectos Curriculares Para Cada Unidade Didáctica Para Valores Éticos de 2º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1: **A dignidade da persoa**
UNIDADE 2: **Comprensión, respecto e igualdade nas relaci3ns interpersoais**
UNIDADE 3: **A reflexi3n ética**
UNIDADE 4: **A xustiza e a política**
UNIDADE 5: **Os valores éticos, o dereito, e a Declaraci3n Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).**
UNIDADE 6: **Os valores éticos e a súa relaci3n coa ciencia e a tecnoloxía**

.....

	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS		Temporalización	
	UD / Tema / Prox.	Contido	Mes	Sesi3ns
1ª avaliación		BLOQUE		
	1	1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía	Set. / Out.	7
		2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo		
		3. Noción aristotélica de virtude		
		BLOQUE		
2	1. Diferencias entre ética e dereito	Nov. / Dec.	7	
	2. Posibles conflitos entre valores privados e públicos			

	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS		Temporalización	
	UD / Tema / Prox.	Contido	Mes	Sesi3ns
2ª avaliación		BLOQUE		
	3	1. Diferenza entre ética e moral. Reflexión ética como guía racional de conduta	Xan. / Feb.	8
		2. Estrutura moral da persoa. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg: paso da heteronomía á autonomía moral.		
		3. Normas e valores éticos: relativismo e obxectivismo moral nos sofistas, Sócrates e Platón.		
		4. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedimentais		
		5. Éticas de fins: epicureísmo, eudemonismo e utilitarismo		
		BLOQUE		
4	1. Relación entre ética, política e xustiza	Feb. / Mar.	6	
	2. Semellanzas, relacións e diferencias entre valores éticos e valores cívicos			
	3. A política e a xustiza no pensamento aristotélico			

	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS		Temporalización	
	UD / Tema / Prox.	Contido	Mes	Sesi3ns
		BLOQUE		

3ª avaliación	5	1. Relacións entre ética e dereito.	Abr./ May.	4	
		2. Os dereitos humanos como moral universal e modelo de ética pública.			
	UD / Tema / Prox	BLOQUE			
	6	1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana.	May/ Xuñ.	5	
		2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.			
		3. Problemas da tecnodependencia.			
4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.					

CURSO 2022- 23

UNIDADE 1

Objec tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Actividades	Instrumentos de avaliación					Cualificación	Temas transversais									
					1ª AV	2ª AV	3ª AV			O B	PE	PO	RU	CC		CL	EOE	CA	TI C	EMP	E C	PV	EV		
Bloque I																									
▪ a ▪ d ▪ h ▪ l	B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.	▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.	▪ CCL										X	30 %	X	X		X			X			
▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l	▪ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.	▪ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da	VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais, e como un fin en si mesma, rexeitando a	▪ CSC	X									X	30,00%	X	X		X			X			

IES CHAN DO MONTE
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FILOSOFÍA

CURSO 2022- 23

		vida moral.	posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.					de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.													
▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ i	▪ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.	▪ B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.	▪ VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles. ▪ VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC				Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.	Caderno-diario de clase: comentario de textos sinxelos de Aristóteles (Ética a Nicómaco)						X	40,00%	X	X		X	X

UNIDADE 2

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Actividades	Instrumentos de avaliación					Cualificación	Temas transversais								
					1ª	2ª	3ª			O	PE	PO	RU	CC		CL	EOE	CA	TI	EMP	E	PV	EV	
					A	A	A			B									C	C				
Bloque II																								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito. ▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	X			Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informáticos.	Presentación en soporte informático (impress) das relacións de semellanza e diferenzas entre a ética e o dereito nun cadro comparativo.				X	X	50,00%	X	X		X		X			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE 	X			Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando	Análise de dilemas éticos nos que se confrontan valores éticos e xurídicos (obxección de conciencia, desobediencia civil...). Debate e elaboración de conclusións en común.				X	50,00%	X	X		X		X				

			nos valores éticos.							de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.										
--	--	--	---------------------	--	--	--	--	--	--	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

UNIDADE 3

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de avaliación	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Actividades	Instrumentos de avaliación					Cualificación	Temas transversais								
					1ª AV	2ª AV	3ª AV			OB	PE	PO	RU	CC		CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV	
Bloque III																								
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral. ▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade. ▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC 																				
						X		Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.	Comentario de textos de F. Savater (<i>Ética para Amador</i>)					X	5 %	X	X					X		
							X	Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de	Comentario de textos de F. Savater (<i>Ética para Amador</i>)					X	5 %	X	X					X		

								forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.															
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Estrutura moral da persoa. ▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 																			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral. 																				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 																			
								Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.	Búsqueda de citas sobre o valor da liberdade de diversos autores (Cervantes, J. Stuart Mill, Sartre, etc.) e comentario das mesmas.														

IES CHAN DO MONTE
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FILOSOFÍA

CURSO 2022- 23

		capacidade de autodeterminación.																																														
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h	▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos. ▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana.	▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.	▪ CCL							X						X	10 %	X	X																							X					
▪ a ▪ b ▪ h ▪ l	▪ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.	▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate	▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.	▪ CCL								X						X	10 %	X	X																						X					
	▪ B3.9. Relativismo moral dos sofistas.	ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.	▪ VEB3.5.2. Señala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.	▪ CCEC									X					X	10 %	X	X																											X

	<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón. 		<ul style="list-style-type: none"> VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 			X	<p>persoas.</p> <ul style="list-style-type: none"> Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto. 	Valoración crítica do intelectualismo moral de Sócrates e Platón, comentando as súas consecuencias.						X		X	10%		X				X	
	<ul style="list-style-type: none"> B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral. 		<ul style="list-style-type: none"> VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 			X	<ul style="list-style-type: none"> Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías. 	Debate entre partidarios do relativismo e o obxectivismo moral e elaboración de conclusións.					X		X	10 %		X				X		
